

Organiza



Colabora



Simposio ILG 2013

# Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa

28 de novembro > 3 de decembro  
Facultade de Filoloxía USC e Consello da Cultura Galega



Esta actividade finánciase en parte con axuda da Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder)

O Instituto de Estudos de Literatura Tradicional é financiado por Fondos Nacionais através da FCT - Fundação para a Ciência e Tecnologia no âmbito do projecto PEst-OE/ELT/UI0657/2013

Información e inscrición:

<http://ilg.usc.es/actividades/simposio-ilg-2013;>

[ilg.simposio2013@gmail.com](mailto:ilg.simposio2013@gmail.com)

Actividade recoñecida como formación permanente do profesorado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria con 18 horas lectivas

Desde o ano 2001, o Instituto da Lingua Galega vén organizando cada outono un simposio dedicado a un tema específico, escollido polo seu interese para a comunidade científica ou para a formación continua dos titulados universitarios. Ao poñer o foco sobre ese asunto, o ILG pretende propiciar a reflexión sobre o estado da cuestión, impulsar avances na súa investigación, difundir o novo coñecemento xerado e, asemade, contribuír á renovación en métodos e resultados.

Este ano a atención céntrase na fronteira galegoportuguesa. Pouco sabemos dos criterios con que foi trazada en orixe nin, polo tanto, en que medida respondía a trazos antropolóxicos, lingüísticos, xeográficos ou doutro teor. A raia atravesou as terras do antigo reino de Galicia e partiu en dous o territorio constitutivo do protorromance galego, do que logo habían xurdir a lingua galega e a lingua portuguesa; as vicisitudes históricas dunha e outra foron consolidando a raia como unha fronteira tamén lingüística que cómpre estudar con perspectivas renovadas. Mais desde o punto de vista lingüístico a raia ten outra característica non exenta de misterio: distintos estudos mostran que en localidades raianas existen variantes non compartidas nin cos veciños galegos nin cos veciños portugueses, pois só se dan —en Galicia ou en Portugal— lonxe de alí.

Ora ben, os organizadores cremos que non hai que contemplar as fronteiras como liñas divisorias senón como espazos de convivencia e intercambio, así como de creación dun tipo de cultura propio das áreas fronteirizas. Esa perspectiva centra o noso interese presente e lévanos a propoñer esta nova ollada desde múltiples enfoques interdisciplinares: desde a historia, a xeografía, a antropoloxía, o cinema e, naturalmente, a lingüística.

Como cada ano, o Simposio ILG 2013 está organizado polo Instituto da Lingua Galega en colaboración co Consello da Cultura Galega; nesta anualidade conta, ademais, coa participación do Instituto de Estudos de Literatura Tradicional da Universidade Nova de Lisboa. Dirixese preferentemente a profesores e alumnos universitarios de distintas áreas do saber, a profesores de ensino primario e secundario, de escolas oficiais de idiomas e de formación profesional, docentes das áreas da lingüística, historia, xeografía, antropoloxía e etnografía; e tamén, na mesma liña de formación continua, a profesionais de distintos sectores. Está aberto ao público xeral, a todas as persoas que desexen ampliar ou actualizar os seus coñecementos na materia.

#### Comité organizador

Marta Negro (USC), Rosario Álvarez (USC), Xulio Sousa (USC), Eduardo Louredo (USC)

#### Comité científico

Ana Paula Guimarães (IELT-UNL), Paula Godinho (IELT-UNL), Ernesto González Seoane (USC), Ernestina Carrilho (CLUL-UL), Margarita Ledo (USC)

#### Prezo

30€ / Tarifa reducida 15€ (estudantes, desempregados e pensionistas)

#### Información

Eduardo Louredo

Instituto da Lingua Galega, Praza da Universidade, 4

15782 - Santiago de Compostela

Tífono.: 8818 12807

#### Profesorado non universitario

Actividade recoñecida como formación permanente do profesorado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria con 18 horas lectivas. Asistencia obrigatoria ao 85% das sesións das xornadas.

#### Profesorado universitario, estudantes e público xeral

Concederase o diploma de asistencia ás persoas que acudan, cando menos, ao 75% das sesións do simposio.

#### 28 de novembro - Salón de Graos da Facultade de Filoloxía

16:15 Inauguración

16:45 Luis M. García Mañá (membro correspondente da RAG / Ministerio de Interior)

*A fronteira esvaída, a fronteira do encontro*

17:45 Pausa

18:00 Xosé Carlos Baliñas Pérez (USC)

*A flumine Mineo usque in Tagum: os camiños diverxentes de Galicia e Portugal na Alta Idade Media (700-1100)*

19:00 Augusto Pérez Alberti (USC)

*A estruturação das paisaxes da raia*

20:00 Coloquio

#### 29 de novembro - Salón de Graos da Facultade de Filoloxía

16:30 William Kavanagh (Universidad CEU San Pablo)

*La construcción de identidad y las fronteras simbólicas: el caso de la raya de Galicia con Portugal*

17:45 Pausa

18:00 Irene Santos (ILG/USC); Soraya Suárez (ILG-USC)

*Identidade lingüística. Unha aproximación á imaxe do portugués en entidades rurais do sur da provincia de Ourense*

18:30 José Enrique Gargallo Gil (Universitat de Barcelona)

*Romances de fronteira na Península Ibérica*

19:30 Coloquio

#### 30 de novembro - Consello da Cultura Galega

10:00 Paula Godinho (Instituto de Estudos de Literatura Tradicional - Facultade de Ciências Sociais e Humanas da Universidade Nova de Lisboa)

*Re-significações do tempo: a fronteira Portugal/Galiza, entre passados e futuros*

11:00 Pausa

11:15 Proxección do documental *Fronteiras* coa presenza do director Rubén Pardiñas

12:15 Coloquio

Rosario Álvarez Blanco (moderadora), Aser Álvarez (director da revista *Arraianos*), Francisco Fernández Rei (ILG-USC), Paula Godinho (IELT-UNL), Rubén Pardiñas (director e guionista de documentais), William Kavanagh (U. CEU San Pablo)

#### 2 de decembro – Aula 12 da Facultade de Filoloxía

16:30 Xosé Afonso Álvarez Pérez (Centro de Linguística da Universidade de Lisboa)

*(Des-)continuidade de léxico dialectal na fronteira galego-portuguesa*

17:45 Pausa

18:00 Rosa Mouzo Villar (ILG-USC); Carolina Pérez Capelo (ILG-USC)

*De Vila Nova de Arousa a Vila Nova de Foz Côa. Aproximación xeolingüística a través dos materiais do ALPI*

18:30 Helena Pousa (IES San Paio, Tui)

*Verdadeiros amigos na raia miñota*

19:30 Coloquio

#### 3 de decembro – Aula 12 da Facultade de Filoloxía

18:00 Lurdes de Castro Moutinho (Universidade de Aveiro); Rosa Lúcia Coimbra (Universidade de Aveiro); Elisa Fernández Rei (ILG-USC)

*As entoacións galega e portuguesa: a súa fronteira á luz da dialectometría*

19:00 Sílvia Pereira (Centro de Linguística da Universidade de Lisboa)

*Varição sintática em Portugal e a fronteira com a Galiza*

20:00 Coloquio